

A importancia dunha boa exploración

Sal Valiño, Andrés; Castiella Bañales, Mar; Deus García, Cristina; Marcos Atanes, Alba; Sal Valiño, Javier

Ámbito do caso: Atención Primaria.


Motivo de consulta: Diarrea.

Antecedentes persoais: NAMC. Fumadora. Obesidade. Trastorno bipolar a tratamiento con lítio.

Anamnesa: Muller de 55 anos, consulta no Centro de Saúde por presentar dende hai 5 meses en torno a 3-5 deposicións diárias líquidas, sen produtos patolóxicos. Asocia molestias ocasionais a nivel suprapúblico. Non perda ponderal. Mantén apetito. Nega outra clínica. Menopausia aos 52 anos, sen sangrados dende entón.

Exploración física: Bo estado xeral. Adecuadamente hidratada e perfundida. Abdomen non distendido, brando con excepción de rexión suprapública e hipogastrio, onde coa palpación profunda parece apreciarse masa de consistencia dura, con leve molestia á palpación asociada. Sen outras alteracións.


Amplíase a exploración realizando ecografía abdominal na consulta, apreciándose imaxe suxestiva de quiste tabicado de gran tamaño, parece depender de ovario. Suxire masa anexial. Derívase a Urxencias Xinecoloxía.



Probas complementarias solicitadas por Xinecoloxía:

Analítica: Hemograma, bioquímica, coagulación sen alteracións. MT: CEA 8.2; resto marcadores negativos.

TCTAP: Masa retrouterina de aspecto quístico con tabiques lisos sen focos nodulares hipercaptantes, bordes lisos ben definidos. Mide 14x12x17cm. Non se identifican signos de infiltración macroscópica do útero. Pequena cantidade de fluido peritoneal en pelvis. Ganglios mesentéricos inferiores. CONCLUSIÓN: Masa pélvica de probable orixe ovárica (cistoadenoma, ca, etc). Sen evidencia de enfermidade metastásica.



Diagnóstico: Masa pélvica de probable orixe ovárica

Plan de actuación: Intervención cirúrgica, laparotomía exploratoria con anatomía patolóxica intraoperatoria.

Conclusión:

Importancia de realizar unha adecuada e exhaustiva exploración física, pois moitas veces con iso imos conseguir detectar un problema de saúde potencialmente grave a tempo, que podería pasar desapercibido cunha exploración más superficial.

Relevancia que adquire na práctica diaria a ecografía como ferramenta complementaria á anamnesa e exploración física, sendo de utilidade para clarificar casos dubidosos ou confirmar sospeitas ante síntomas, signos ou achados exploratorios que nos chamen a atención, evitando demoras de probas complementarias e acortando tempos ata o diagnóstico definitivo.

XXVII XORNADAS AGAMFEC - LUGO 14/15 MARZO 2025